

IV Convenio Único para o persoal laboral da AXE

COMISIÓN PARITARIA DE ABRIL E REUNIÓN SOBRE O COMPLEMENTO RCT

Debido ó apagón do 29 de abril, a reunión da COPA celebrouse a semana pasada, os asuntos máis destacados, son os seguintes:

- ⇒ **Continua a feira dos complementos**, case todos os organismos (a algún parece que lle dan igual as condicións do seu persoal laboral) seguen presentando propostas de asignación de complementos con xustificacións moi variopintas. Nalgúns ministerios case todo o persoal ten máis de dous ou tres complementos, noutros ningún e moitas ocasións parece que a asignación vai máis en función do interese que poñen os xestores na súa tramitación que nas funcións dos postos. **Desde a CIG aprobamos todas as propostas que veñen das Subcomisións que non se financien en base á amortización de vacantes.**

GRUPOS DE TRABAJO:

- **Xubilación Parcial.** Seguimos reclamando unha reunión deste grupo para negociar un novo acordo de xubilación parcial derivado do Real Decreto-Lei 11/2024 en materia de xubilación. Función Pública di que xa ten os datos do persoal susceptible de xubilarse parcialmente ate xuño de 2026, contan con publicar unha Oferta de Emprego extraordinaria antes de fin de ano para dar cobertura ós contratos de relevo necesarios para ese período. De nada vai valer se non temos un sistema adaptado á nova normativa. **Vamos ter que loitar se queremos recuperar ese dereito**
- **Traslados.** Publicada a resolución do concurso extraordinario do E0, unha participación ridícula, tal e como avisamos desde a CIG por ofertar postos case só en Madrid e por non incluír os postos do E0 no Concurso Aberto e Permanente como reclamamos. **Nós opoñémonos a discriminación a que se está sometendo este colectivo por parte de Función Pública coa complicidade do resto de organizacións sindicais, por non incluír os postos vacantes do grupo E0 no concurso ordinario.**
Publicaron a resolución do concurso do Anexo I, polo que en breve publicaran a segunda convocatoria deste ano. **No Concurso do Anexo II está publicada a adxudicación provisional** e estamos en fase de presentación de alegacións.
- **Troco de Réxime Xurídico.** **O proceso continúa; con gran lentitude e con moitas incertezas.** Función Pública e os organismos convocantes seguen sen definir claramente cales van a ser as condicións e as funcións dos postos de persoal funcionario e isto non anima moito á participación nun colectivo cunha media de idade moi alta. Este mes están coas convocatorias do grupo 2G, pero de momento só tomaron posesión as persoas que participaron no proceso do grupo 4G

REUNIÓN PARA DEFINIR OS CRITERIOS DE ASIGNACIÓN DOS COMPLEMENTOS RCT

Esta semana tivemos tamén unha reunión para negociar os criterios para a asignación dos complementos RTC (Especial Responsabilidade/Cualificación Técnica), xa que esta pasou por varias fases; Primeiro convertéronse os complementos AR e AR1 en complementos RCT, logo Función Pública aprobaba todos os que foran financiados con amortización de vacantes e despois pasou a non aprobar ningún. Ultimamente está a aplicar os criterios de que os postos requiran dunha titulación homologada diferente da requirida para o posto ou que exista unha responsabilidade que teña que ser cuberta cun seguro de responsabilidade civil. Como as xustificacións das propostas son moi variadas, estamos negociando uns criterios para que desde os ministerios teñan claros cales son as condicións que se teñen que dar para solicitar estes complementos. Desde a CIG entendemos que este é un complemento extraordinario e que non pode retribuír funcións inherentes ó posto. Se tedes algunha proposta no referido a este suposto, facédenola chegar.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota

acoruna.estado@cigadmon.gal

Telf. 881 909 821

<https://www.cigadmon.gal/estatal>